



CONCELLO DE TUI
Concellería de Patrimonio

AXUDAS PARA CONSERVACIÓN, A MELLORA DA SEGURIDADE DE UTILIZACIÓN E A ACCESIBILIDADE EN VIVENDAS

PERSOAS BENEFICIARIAS

- **Persoas físicas propietarias** de vivendas unifamiliares, de edificios de tipoloxía residencial colectiva e das vivendas situadas nestes edificios.
- **Comunidades de propietarios**, e agrupacións de comunidades.
- Persoas físicas **inquilinas dunha vivenda** que asuman, en virtude dun acordo coa persoa arrendadora, o custo das actuacións de rehabilitación que correspondan, a cambio do pagamento da renda.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

- Actuacións de **conservación**:
 - Conservación da cimentación, estrutura e instalacións.
 - Conservación de cubertas, azoteas, fachadas e medianeiras, incluso desamiantado.
 - Adecuación interior da vivenda ás condicións mínimas de funcionalidade, habitabilidade, seguridade e hixiene.
- Actuacións de **seguridade de utilización e accesibilidade**
 - Instalación de ascensores, salvaescaleiras, ramplas ou outros dispositivos de accesibilidade.
 - Instalación ou dotación de produtos de apoio que permitan o acceso u uso por parte de persoas con discapacidade a elementos comúns do edificio.
 - Instalación de elementos de información ou de aviso (sinais luminosos ou sonoros)
 - Instalación de dispositivos electrónicos de comunicación entre vivendas e exterior (vídeo porteiros ou análogos).
 - Calquera que facilite a accesibilidade universal.

REQUISITOS XERAIS

- O **prazo de execución** das actuacións non poderá exceder o **30/11/2021**.
- As actuacións non poderán estar iniciadas con anterioridade ao 01/01/2021 nin estar rematadas con carácter previo ao 22/03/2021.
- As actuacións serán subvencionables en **vivendas ou edificios que estivesen finalizados antes do 1 de xaneiro de 1996**.



CONCELLO DE TUI
Concellería de Patrimonio

CONTÍA DAS AXUDAS

- **Para actuacións de conservación, ata 3.000 €**, como máx. o 40% do custo da actuación subvencionable.
- **Para actuacións de seguridade de utilización e accesibilidade , ata 8.000 €**, como máximo o 40% do custo da actuación subvencionable.

**** En caso de persoas na unidade de convivencia con minusvalía as axudas poden chegar ata os 17.000 €, como máximo o 75% do custo da actuación subvencionable.**

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- **Anexo I**, de solicitude.
- **Anexo II**, de declaración responsable e comprobación de datos.
- **Anexo III**, de declaración da persoa solicitante e unidade de convivencia. En caso de non presentar a declaración de IRPF, acompañarase, en cada caso:
 - Certificado de retribucións e retención de empresas.
 - Certificado de pensións ou prestacións.
- **Escritura pública.**
- **Informe técnico** de data anterior á presentación da solicitude que acredite a necesidade da actuación, salvo que estea no proxecto.
- **Proxecto técnico ou memoria descritiva das actuacións.**
- Certificado do inicio de obras, de ser o caso.
- Licenza de obras, ou solicitude.
- Comunicación previa ou solicitude. Se pasaron os 15 días sen requirimento, acompañarase da declaración responsable de non ter sido requirida para a súa emenda.

* en caso de comunidades de propietarios será necesaria documentación a maiores.

SOLICITUDES, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

- En formato papel: Portelo Rexistro Concello Tui.
- Vía electrónica (<https://sede.xunta.gal>), no procedemento **VI422E**.
- **Prazo de solicitude: Ata o 22/04/2021**, ou esgotamento de crédito.
- **Prazo de xustificación: Ata o 30/11/2021.**